

Marco Paone entrevista María do Cebreiro Rábade Villar

María do Cebreiro Rábade Villar (Santiago de Compostela, 1976) é escritora e profesora de Teoría da Literatura e Literatura Comparada na Universidade de Santiago de Compostela. É unha das autoras máis apreciadas do panorama literario galego. A súa traxectoria é longa, de feito publicou o seu primeiro libro a finais dos anos 90, *O estadio do espello* (Xerais, 1999). Daquela, saíron do prelo máis de dez libros de poemas, algúns deles en colaboración con outros autores, mesmo gañando varios premios literarios. Testemuños da súa obra atópanse en diferentes varias escolmas poéticas e en traducións a varios idiomas. Ao mesmo tempo, é antóloga e tradutora (*Tres vidas* di Gertrude Stein, Galaxia, 2006). É autora dunha prolífica produción científica, na que un dos seus campos de análise é propiamente a poesía. Cabe destacar os seguintes títulos: *Manual de Teoría de la Literatura* (con Fernando Cabo Aseguinolaza, Editorial Castalia, 2006), *As antoloxías de poesía en Galicia e Cataluña* (Universidade de Santiago de Compostela, 2004), *As terceiras mulleres* (Galaxia, 2005), *Fogar impronunciabile. Poesía e pantasma* (Galaxia, 2011), *Canon y subversión. La obra narrativa de Rosalía de Castro* (con Helena González Fernández, Icaria, 2012). En 2011, grabou *Lembrarás este cuarto?* (A Regueifa), xunto ao músico David Miranda.

A entrevista que segue xorde a partir da publicación do seu último poemario, *Os inocentes* (Galaxia, 2014), que está recibindo unha boa acollida entre a crítica e os lectores.

*Dámoslle a benvida a María do Cebreiro Rábade. De modo introductorio, no seu último libro de poesía titulado Os inocentes, afirma “Trátase dunha guerra, se iso fose fose posible, / intensamente afectada polo sentido da inocencia” e no mesmo poema máis adiante “Non hai ataque aos outros / que non sexa, en realidade, / un ataque a nós mesmos”. Como lería estas palabras tras o atentado hai pouco ocorrido en París? Quen son “os inocentes”?*

O poema xorde como unha anotación dun fragmento do libro de Fleur Jaeggy \*Vidas conxecturais\*, concretamente do capítulo dedicado a John Keats. Jaeggy descríbeme dicindo: “Pelexar era para el como comer e beber. Procuraba a compañía de rapazas conflitivas, brutais, pero dado que xa tiña predisposición á poesía, tiñan tamén dotes burlentas e cómicas. A mera brutalidade sen a comedia, a ficción, a lixeireza, non lle interesaba (...) Os seus compañeiros predecíanlle un impresionante futuro marcial. Cando se tranquilizaba, envolvíao unha grande acougo e facíase patente a súa dozura, que tiña a mesma intensidade que a súa cólera”. Interesábame a cita (que figuraba nunha primeira versión do libro que non chegou a existir por problemas de maqueta) porque fala da concepción que os nenos teñen da violencia. Eu vía nas pelexas infantís –e calquera que teña cativos perto pode comprobalo– máis inocencia que perversidade, e digo isto mesmo sabendo que a suposta inocencia da infancia é unha construción cultural que pode ter efectos enganosos. Se lle tiramos ao poema este contexto, como sempre debe facer quen le, os versos poden referirse a outras guerras, a guerras nas que, a diferenza dos xogos e tentativas dos nenos por aprender a se relacionar, poden ser completamente inútiles e resultar devastadoras. Aí encaixan os versos que invocas en segundo lugar. Ao atacar a outros, tanto en sentido físico como en calquera sentido, faltámonos ao respecto a nós mesmos. Non é casual que este libro chegue logo d’A guerra, un poemario que escribín a dúas mans co xornalista e poeta Daniel Salgado. Sinto que estamos en tempos de guerra; daquela os dous pensabamos que a guerra aínda non chegara, agora vaise facendo evidente que a guerra xa está aquí.

É curioso que me preguntes polos acontecementos do presente, porque o libro en boa medida parta dunha investigación en torno á cultura islámica e á mística sufi. Algúns críticos fixéronme reparar no ton espiritual do poemario, pero a tradición cultural dominante nel –refírome á consciente, á que parte das lecturas que facía mentres o escribía– era a árabo-islámica. Coido que iso se pode ver ben no primeiro poema, no que se fala dun libro que se chama “a lectura”; e iso é xustamente o que significa a palabra *Corán*, lectura. Tamén diría que se queremos ser respectados, nós tamén temos que aprender a respectar. E tentar coñecer en fondura aos outros non é só unha manifestación de civilidade, senón tamén unha maneira sensata de evitar a espiral de violencia que agora nos asalta.

Canto á última pregunta, respondo co que dixo a crítica de poesía Margarita García Candeira na presentación do libro: os inocentes son ese suxeito colectivo, en certo sentido irrepresentable ou inasible, que tenta falar no derradeiro poema do libro.

*As súas últimas creacións poéticas parecen marcar unha traxectoria na procura do significado de elementos cotiáns e universais do ser humano: a plaquette *A ferida* (xunto a Ismael Ramos), *A guerra* (con Daniel Salgado) e finalmente esta viaxe da inocencia entre as canles do discurso lírico moderno, do amor e deste tempo histórico de crise. Realmente como vostede di nun verso, aínda atopamos nos libros consolo?*

Non quixera pontificar ao respecto, porque penso que non todo o mundo ten por que atopar o consolo nos libros. E de feito, ás veces mesmo me incomodan certas presuposicións que subxacen á promoción institucional ou mediática da lectura. En primeiro lugar, porque ás veces a animación á lectura semella partir da presuposición de que a xente non le, cando probablemente ao longo da historia nunca se leu máis e en máis medios e formatos que agora mesmo. Imaxino que se trata de animar á xente a ler uns libros e non outros, unhas cousas e non outras. E coido que hoxe en día é moi difícil tentar dicirlle á xente o que ten que facer ou que pensar. Cadaquén debe atopar o consolo ou a aprendizaxe onde queira. Como di o proverbio, hai tantos camiños para a sabedoría como estrelas hai no ceo. No meu caso sería estraño que non vise na literatura unha fonte de consolo e de agarimo, porque meus pais son os dous escritores, medrei rodeada de libros e a literatura forma parte da súa historia de amor. Penso que é por iso polo que desde cativa percibín unha continuidade moi clara entre amor, vida e escritura, que imaxino que é o que acaba traspasando boa parte do que tento facer nos libros.

*Dándolle a volta ao epílogo do seu libro onde cita un fragmento de Hölderlin e a esencia da poesía de Martin Heidegger, en que medida a poesía pode ser eficaz e ofensiva?*

Devolveríalle a pregunta á galega e diríalle: que entende por eficacia? Penso que naquelas zonas nas que un poema é eficaz, éo plenamente, dun xeito no que non pode selo ningunha outra experiencia, ningunha outra práctica, ningún outro discurso. Creo que é especialmente eficaz introducindo unha perturbación, unha sorte de refracción na percepción das cousas. Non me ateno aquí á idea formalista dun estrañamento da linguaxe, pois aínda que me interesa moito a relación entre poesía e linguaxe, co tempo coido que os meus poemas se volveron lingüisticamente máis directos, e procuran esas vías estrañantes a partir doutro tipo de procedementos e de resonancias. Un poema, como tento expresar nun texto d'*Os inocentes*, corta a respiración, interrompe o alento. Nesa capacidade de asombro –o mesmo lugar de onde, segundo Aristóteles, nace a filosofía- podería estar a utilidade do poema, que como outras formas de utilidade –de novo a filosofía- é unha utilidade do inútil. En si mesma, e mesmo sen procuralo, esta condición do poema pode resultar abertamente ofensiva para aqueles que se relacionan co mundo a partir da idea de cálculo ou de interese.

*En Galicia séguese escribindo moita poesía e con moi bos resultados. Por outro lado, hai quen afirma que actualmente se está a crear un cortocircuíto entre a produción e o público lector deste xénero. Mesmo parece que hai máis escritores que lectores de poesía. No seu ensaio, *Livros que não lê ninguém*. Poesía, movementos sociais e antagonismo político na Galiza (*Através Editora*, 2014), Isaac Lourido afonda, entre outros aspectos, na aporía da poesía que por un lado ten poucos lectores e por outro segue sendo un xénero que mantén un certo peso en canto ao capital simbólico. Que opina desta situación?*

Fronte a esa afirmación de Isaac, eu invocaría o que se converteu xa case un lugar común ao longo dos últimos vintecinco anos: que en Galicia ergues unha pedra e aparece un poeta. Este tópico de que hai moitos (mesmo demasiados, como se fose posible que houbera demasiados) poetas en Galicia non é o que afirma Isaac, pero a súa observación parte dunha prevención en certo sentido semellante. Creo que a xeralización social desta idea sobre as supostas aporías, contradicións e cortocircuítos da poesía ten unha dobre orixe. En primeiro lugar, trátase dunha reacción comprensible á indiscutible hexemonía do discurso poético, desde a súa fundación moderna con Rosalía de Castro. Malia a súa febleza institucional, a poesía galega foi quen de darlle, en relativamente pouco tempo, grandes nomes á tradición literaria, e non falo só do ámbito nacional ou estatal, senón tamén do ámbito europeo e internacional. En segundo lugar, creo que cando se expresan certas reservas cara á centralidade do poético na literatura galega, implicitamente estase a expresar a pretensión de que a literatura galega se

equipare a outras tradicións, consideradas como máis fortes ou asentadas, por medio do cultivo dun abano de xéneros literarios o máis amplo posible. Xustamente no libro de se verifica unha crítica moi convincente das implicacións deste discurso da normalización cultural, que no caso galego –estámolo a ver agora, co proceso de crítica ás culturas da transición española- resultou tamén moi perigoso. Persoalmente non creo que unha tradición lingüística ou literaria teña que ser necesariamente forte en todos os xéneros: é máis que suficiente con que ocorra con un. Que no noso pasado literario haxa nomes da estatura de Rosalía de Castro, Manuel Antonio, Álvaro Cunqueiro ou Xosé Luís Méndez Ferrín véxoo como unha inmensa sorte, e tampouco me parece casual que tres dos catro nomes que veño de citar sexan tamén grandes escritores en prosa.

*Por outro lado, os últimos datos do último informe do IGE sobre o uso do galego, reflicte que quen usan "sempre" o idioma propio de Galicia son o 44% do total, mentres que é falado "ás veces" polo 45% da poboación e "nunca", polo 11%. Que lle parecen eses datos? Nesta situación, como se le nalgún versos de Os inocentes, podería ser a poesía "unha mazá de ouro / para o meu idioma sen patria"?*

É obvio que estes datos sobre o retroceso nos usos da lingua galega resultan de todo menos alentadores. Orabén, desde o punto de vista da creación poética, pode tirarse bo partido de calquera situación de tensión ou de crise. Por iso antes dicía que o discurso da normalización cultural é perigoso: ao mellor nós non deberíamos ser un país normal, nin parecemos aos países normais (caso de que os países normais existan). Eu teño o orgullo de escribir nunha lingua sen exército, nunha lingua mancada –unha experiencia, por certo, moi pasoliniana-. Para min ese non é un problema, senón un motivo de dignidade e orgullo, e imaxino que de aí viña o das mazás, o do ouro, o da ausencia de patria.

*Cal é o lugar desta lingua no contexto europeo? E que lugar ocupa a literatura galega contemporánea na xeografía do vello continente? E a súa poesía que lugar ocupa ou comparte con este mapa?*

Se como quería Otero Pedrayo a mesma Europa nace en Santiago de Compostela –non tanto no camiño de Santiago, como ás veces se repite, senón nese coro de voces estranxeiras que compartían espazos, conversas e cantigas na fin da peregrinaxe-, a relación entre a poesía galega e a europea é unha realidade natural desde as orixes. A riquísima tradición lírica medieval determina un comezo dourado para a literatura galega e desde o Rexurdimento foron moitos os escritores conscientes da necesidade de que esta vocación de apertura e de diálogo coa diferenza cultural non esmorecera. Tamén é verdade que ás veces me preocupa o uso elitista de termos como “cultura europea”, “cultura occidental” ou “cultura universal”, e que quizais por iso a miña poesía tenta afondar en tradicións máis ocultas, como podería ser por exemplo a islámica, que por outra banda pertencen, aínda que moitas veces non queiramos velo, ao tronco da tradición cultural europea.

*Vostede é unha apaixonada lectora e estudiosa da obra e da figura de Rosalía de Castro. Definiría Rosalía de Castro unha autora de intemperie romántica? Cre que ocupa un papel adecuado dentro do canon e da historiografía literaria europea?*

Houbo un longo debate historiográfico en torno á adscrición de Rosalía de Castro ao realismo ou ao romanticismo. Paréceme unha teima en certo sentido superada, pero xa que me dá a oportunidade si me gustaría precisar algunhas cousas. Rosalía pertence á xeración dos introdutores de Heine en España, de feito hai mesmo quen escribiu que foi Rosalía quen lle prestou a Bécquer o seu primeiro libro de Heine. En calquera caso, hai máis aproveitamento en Rosalía ca en Bécquer –por non falar doutros románticos e posrománticos españois- da veta do romanticismo alemán, que é como sabemos un romanticismo do fragmento, un romanticismo das aporías da linguaxe, teórico e reflexivo, e que cando se interna polos carreiros da emotividade, o fai na crenza de que os afectos son modalidades de acceso ao infinito ou á transcendencia subxectiva. Creo que Rosalía tivo mala fortuna historiográfica non só polas razóns máis obvias, que por suposto son certas: ao ser unha poeta bilingüe, queda dalgún xeito nunha terra de ninguén, e isto explica que para a historiografía literaria galega case non exista a súa produción castelá mentres que para a historiografía literaria española é pouco menos ca unha poeta de

provincias. Hai unha segunda razón, na que ás veces non se reflexiona, e paréceme fundamental. Refírome á febleza do romanticismo literario español, que xerou unha identificación crítica –por veces deformada, pero con certos fundamentos- da poesía romántica coa poesía retórica, altisonante, efusiva... O que hai en Rosalía é outra cousa. *Follas novas* é outra cousa. Parécese máis ao que tentaron comprender os críticos da Escola de Yale, con Paul de Man á cabeza, na poesía romántica en lingua inglesa. Por iso, aínda que a fase de creación de Rosalía non fose a do romanticismo pleno (tomado o termo en sentido europeo), creo que é un erro tentar apartar a Rosalía deste esteiro. Un erro que obedece á idea de que o romanticismo é na literatura o imperio da efusión sentimental e da cursilería. Toda a grande poesía meditativa española da modernidade arranca, como non podería ser doutro xeito, dun certo romanticismo. Penso por exemplo en Cernuda, que non por casualidade lle dedicou parágrafos ben suxestivos a Rosalía de Castro.

*Con respecto á súa profesión de profesora de Teoría da Literatura e Literatura Comparada, en que medida a súa actividade investigadora afecta á súa labor artística e poética? E en que medida acontece o contrario?*

Non sei se podo facer estimacións moi exactas sobre iso, porque os procesos máis determinantes na escrita adoitan ser irreflexivos, cando non inconscientes. Tamén é verdade que a aliaxe entre poesía e crítica de poesía foi moi frecuente en certa tradición da literatura europea que tento ter moi presente. Un referente moi brillante desta aliaxe sería Eliot –que insistía en que un poema se convirte sempre dalgún xeito na propia crítica ao poema. Por iso son bastante reacia a certos prexuízos arredor da produción artística, derivados dunha caste de bon-salvaxismo ou espontaneísmo na que descreo bastante, porque cando menos no meu caso considero imposible pretende xebrar nidiamente a práctica e a teoría do poema. Todo facer continuado implica certas posicións interiorizadas sobre ese facer, e coido que a investigación sobre a literatura reforza iso, pero que esa posición chamémoslle metapoética é connatural á maioría dos poetas. En calquera caso, pode que estas reflexións simplemente traduzan o o feito de que a poesía que máis me interesa ler e que tento escribir é a poesía concibida como indagación e como procura, tanto no sentido vivencial como no intelectual ou no emotivo.

*Como ve o panorama literario actual en Galicia? Hai algún autor que queira mencionar? De quen se tería que falar máis e por que? Hai algún libro que ultimamente lle causase unha impresión positiva?*

Logo dun certo impasse, lóxico resultado do boom dos autores –e sobre todo autoras, pois foi unha xeración con grandes voces de mulleres- dos anos 90, actualmente paréceme que o panorama é moi vizoso. Hai algúns poetas mozos interesantísimos, como Fran Cortegoso, Alba Cid ou Ismael Ramos e algúns que formarían parte desa xeración perdida posnovecentista (Gonzalo Hermo, Olalla Cociña, Dores Tembrás) e que nos últimos anos están a acadar un merecido recoñecemento. Tamén algunhas poetas dos anos 90 (Chus Pato, Olga Novo, Yolanda Castaño) seguen a escribir libros importantes. No eido da poesía, que é o territorio do que me sinto máis autorizada a opinar, coido que non se pode pedir máis.

*Xa que acabamos de empezar un novo ano, cales son os propósitos e as esperanzas para este período que se prevé como moi importante, sobre todo politicamente? Que tempo se abre para Galicia?*

O pasado ano houbo dous libros de ensaio dos que podemos tirar aprendizaches fundamentais: o de Isaac Lourido sobre poesía, que antes mencionaches, e *Galicia. A sentimental nation* de Helena Miguélez Carballeira, que se refire con grande afouteza a algunhas das limitacións do nacionalismo galego hexemónico. Creo que os dous permiten extraer conclusións importantes para o futuro e, no que atinxe ao pasado inmediato, axudan a debuxar as carencias das políticas de planificación cultural dos últimos decenios. Esa idea de que a normalidade non ten por que ser a aspiración dunha cultura periférica paréceme que ten consecuencias moi importantes, tanto no plano literario como no político. Creo que a incorporación efectiva da cultura galega á literatura global supón recoñecer a súa capacidade para xerar valores alternativos e de diferenza, non pola de se asimilar ás estratexias das culturas hexemónicas.